CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña

Exp. 2021/G007/000013

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 7 de xuño de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"FOD.2.- Proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA. Aprobación inicial.

EXPEDIENTE: *2020/X999/000084*
SOLICITANTE: *PARQUE COMERCIAL A REVOLTA S.L.*
REX. ENTRADA: *202000000000374 e 202099900001309 de 21/01/2020 e 23/06/2020*
OBXETO: *Proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA. Aprobación inicial.*
SITUACIÓN: *Avda. A Revolta, Carballo*
TÉC. REDACTOR: *Iria Pérez Miranda (Arq. Col. 3.194 do COAG)*

I.- Antecedentes

1.- O ámbito do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA, ten a ordenación detallada mediante o plan parcial aprobado definitivamente por acordo do Pleno municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de xuño do 2020. Esta aprobación definitiva foi publicada no Diario Oficial de Galicia, núm. 166, do 18 de agosto de 2020. A normativa do plan parcial publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 170 do 13 de outubro de 2020.

2.- Solicitude para a tramitación do proxecto de urbanización (R.E. 202000000000374) de 21/01/2020) acompañada de proxecto técnico en soporte dixital "CD".

3.- Nova solicitude presentada con data 26/06/2020 (R.E. 202099900001309) acompañando proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA, solicitando a tramitación ambiental.

4.- Remisión do proxecto de urbanización á Dirección xeral de Calidade Ambiental para a tramitación de avaliación de impacto ambiental simplificada (Rex. Saída 595 – 03/07/20)

5.-A tramitación ambiental rematou coa recepción do informe ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (R.E. 202190000002901– 23/04/21), sobre tramitación do procedemento de avaliación de impacto ambiental do proxecto de urbanización (Clave: 2020/0178), no que logo de revisar a documentación informase ao seguinte:

> *"O citado artigo 31 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, indica que o órgano ambiental, conforme o artigo 13 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, poderá acordar, motivadamente, en aras do principio de eficacia, a incorporación de trámites e de actos administrativos do procedemento de avaliación ambiental estratéxico noutros procedementos de avaliación ambiental, a condición de que non transcorrese o prazo establecido no plan ou programa e non se produciron alteracións das circunstancias tidas en conta na avaliación ambiental estratéxica.*
> *O plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUR-D/D-T3/AR S-T3 , que xa contempla as actuacións, na súa definición final, do proxecto remitido, foi sometido a avaliación ambiental estratéxica con informe ambiental estratéxico do 19.12.2018, establecendo que o plan non ten efectos significativos sobre o medio ambiente nos termos establecidos no dito informe.*
> *Polo exposto anteriormente e dado que o proxecto se corresponde exactamente co plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado xa sometido a avaliación ambiental*

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 08/06/2021 11:38:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 08/06/2021 12:37:00)
Versión imprimible
CVD: +/k6owC80jYsvOlTMzeH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

estratéxica e que a resolución de finalización conclúe non someter ao procedemento ambiental estratéxica ordinaria o Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SURD-S-T3/AR S-T3 A Revolta, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente, procédese a dar por finalizada a avaliación ambiental e terminación do procedemento iniciado, arquivando o expediente de avaliación ambiental do proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/ARS-T3 do PXOM de Carballo."

6.- Con data 03/06/2021, R.E. 202199900003068) achegouse documentación relativa ás solicitudes da suficiencia dos servizos ás subministradoras Naturgy, Nedgia, R cable, Telefónica, AXI e Augas de Galicia.

II.- Normativa aplicable

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).*
- *Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).*
- *Plan Parcial do sector SUR-D/S-I4/AR S-I4 – CALVO aprobado polo Pleno municipal o 25/11/2019, corrección de erro polo Pleno de 25/05/2020 (DOG 27/02/2020 e 28/08/2020; normativa publicada no BOP de 24/09/2020).*

III.- Fundamentos de dereito.

III.1.- Presuposto da execución.

A execución do planeamento require, en todo caso, a aprobación definitiva do planeamento que conteña a ordenación detallada, conforme ao previsto no artigo 95.1. da LSG e artigo 221 do RLSG.

Non obstante, poderán tramitarse de forma simultánea, en expedientes separados, o planeamento que conteña a ordenación detallada, o instrumento de xestión e o proxecto de urbanización.

Neste a caso, tal como consta nos antecedentes, a ordenación detallada está contida no plan parcial deste sector aprobado definitivamente e publicada a súa normativa no Boletín Oficial da Provincia núm. 170 de 13/10/2020. Por outra parte, está en tramitación o instrumento de xestión a través do sistema de concerto previsto no plan parcial, estando iniciado o procedemento de equidistribución do ámbito AR S-T3 por resolución da alcaldía de 21/01/2021.

Conforme aos artigos citados resulta permitida a tramitación simultánea, en expedientes separados, do proxecto de urbanización e do instrumento de xestión.

O proxecto está presentado por la entidade propietaria única de toda a superficie privada do sector, e para a conexión coa rotonda prevista polo PXOM na AC-552, como sistema xeral viario SX VI/AU06, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo de 23 de setembro de 2019, aprobou un convenio urbanístico de execución de planeamento para executar de forma simultánea as obras da actuación da rotonda na AC-552 coas obras de urbanización deste sector, sendo publicado integramente dito convenio no Diario Oficial de Galicia núm. 238 de 16/12/2019.

III.2.- Proxecto de obra.

O proxecto de urbanización é un proxecto de obra que ten por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidas no planeamento, sen modificar as previsións do planeamento que desenvolven e sen prexuízo das adaptacións esixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade (artigo 96 da LSG).

As obras proxectadas afectan ao ámbito do planeamento indicado e cúmprese o presuposto de execución establecido.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 08/06/2021 11:38:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 08/06/2021 12:37:00)
Versión imprimible
CVD: +/k6owC80jYsvOlTMzeH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A obtención dos terreos e dotacións públicas farase a través do instrumento de xestión previsto na normativa do plan parcial.

O contido do proxecto foi obxecto de informe polo enxeñeiro municipal (xefe do servizo de proxectos e obras) con data 07/06/2021, examinando os diversos apartados e os servizos previstos no mesmo e estimando que se axusta á normativa de aplicación, aos efectos da súa aprobación inicial, e sinalando varios aspectos a considerar na tramitación relativo ao traslado da proxecto aos órganos sectoriais competentes en materia de estradas, augas e minas, por resultar afectados eses ámbitos competenciais.

III.3.- Tramitación.
Finalizada a tramitación ambiental conforme ao informe de 23/04/2021 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (R.E. 202190000002901), sobre tramitación do procedemento de avaliación de impacto ambiental do proxecto de urbanización (Clave: 2021/0178), procede continuar coa tramitación establecida no artigo 96 da LSG e 226 do RLSG, que consiste basicamente nas seguintes fases:

- *Aprobación inicial polo órgano municipal competente.*
- *Sometemento a información pública polo prazo mínimo de un mes mediante anuncio no BOP en un dos xornais de maior difusión na provincia e notificación individual aos propietarios afectados.*
- *Durante a fase de información pública o concello deberá solicitar os informes e autorizacións preceptivas.*
- *Logo da información pública, o órgano municipal aprobará definitivamente o proxecto coas modificacións que resulten pertinentes, sempre que se obtiveran as autorizacións e informes sectoriais preceptivos ou se acredite, no seu caso, que se transcorreu o prazo legal para a súa expedición.*

III.4.- Órgano competente.
A LBRL establece no artigo 21.1.j) como atribución do alcalde a aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

En virtude da resolución da Alcaldía de data 17/06/2019, número 1661 de 2019, (BOP nº 117 de 21/06/2019) sobre delegación de competencias, corresponde á Xunta de Goberno Local, por ter delegadas –entre outras- as atribucións referidas ás "aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia".

Polo anterior, visto o informe técnico e o informe xurídico dos servizos técnicos municipais, ambos os dous de data 07/06/2021 e conforme ao disposto nos artigo 96 da LSG e 226 do RLSG, e vista a proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 07/06/2021, contida no expediente 2020/X999/000084, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), ACORDA:

***Primeiro**.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA do PXOM de Carballo, presentado por Parque Empresarial A Revolta S.L., redactado pola arquitecta Iria Pérez Miranda (Arq. Col. 3194 do COAG) 2040 do ICOIIG), e someter o expediente ao trámite de información pública polo prazo de un (1) mes con publicación no BOP, nun dos xornais de maior difusión na provincia e con notificación individual aos propietarios afectados.*

***Segundo**.- Durante a fase de información pública o concello solicitará os informes e autorizacións sectoriais preceptivas á Axencia Galega Infraestruturas (pola afección do proxecto á estrada AC-552), a Augas de Galicia (pola afección á zona de policía do río Anllóns) e á Dirección Xeral de Enerxía e Minas (pola afección aos dereitos mineiros sobre as augas nomeadas "Baños Viejos de Carballo", dentro do perímetro da cuadricula mineira do rexistro "Virgen de la Estrella" da entidade*

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 08/06/2021 11:38:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 08/06/2021 12:37:00)
Versión imprimible
CVD: +/k6owC80jYsvOlTMzeH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña

Baños Viejos de Carballo S.A. "

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 08/06/2021 11:38:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 08/06/2021 12:37:00)
Versión imprimible
CVD: +/k6owC80jYsvOlTMzeH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.